

(Ourense, 1907 – Facós, Lobeira, 1989)

Foi un escritor, etnógrafo e profesor galego. Estudou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, carreira que rematará en Zaragoza. Exerceu a docencia na cidade de Ourense, na materia de Xeografía e Historia. Foi membro activo do Seminario de Estudos Galegos cun traballo sobre o carro galego. Pertenceu á Real Academia da Historia e á Real Academia Galega. Foi un dos principais impulsores do Museo do Pobo Galego, institución que presidiu.

GRANDES ÉXITOS



1941

O carro e o home (1941) é unha curtametraxe documental guionizada por Xaquín Lorenzo e Antonio Román. En 1980 reeditouse coa narración en *off* do propio Xaquín. Nos seus doce minutos de duración presenciamos o ciclo de vida do carro galego, desde a súa construción e emprego colectivo ata o seu abandono e desaparición.

Os oficios (1983) é un ensaio etnográfico que recolle as características dos oficios populares galegos acompañadas por debuxos do propio Xaquín Lorenzo.



1983

Outras das súas obras son “Etnografía. Cultura material”, no Volume II de *Historia de Galiza*, dirixida por Otero Pedrayo (1962), *Cantigueiro popular* (1973) e *O mar e os ríos* (1983).

“Hoxe abundan pouco na nosa Terra os establecementos dedicados á industria da que falamos, contándose xa a penas en Lalín, Noia e Allariz, a algún dos que alude a cantiga tan coñecida:

*O crego de Vigo é xastre;
o de Cangas, mariñeiro;
o de Ourense, afiador;
e o de Allariz, zapateiro.*

xa que é corrente que á beira dos *curtidores* florezan os *zapateiros*.”

“Curtidores ou coireiros”, *Os oficios* (1983)

“Coñecímonos nas aulas compostelás da Facultade de Filosofía e Letras, (...) Para colleitar o material que lle serviu de base para a volumosa obra, pelegrou por todos os camiños do país. Percorreu as montañas, andou polos vales e polas terras chás. Visitou lugares recónditos do interior, e vilas e aldeas de beiramar. Procurou información oral de homes, mulleres e nenos. Entrou nas casas, visitou obradoiros, examinou embarcacións.”

Xaquín Lourenzo (2004), Francisco Fernández del Riego

